
**NUMAX
NA ESCOLA**

LOS HONGOS

[Óscar Ruíz Navia, 2014]

**UNIDADE
DIDÁCTICA#02**

Los hongos

Calvin e Ras son amigos inseparábeis. Ambos gozan da súa adolescencia nas rúas de Cali, en Colombia, onde encontran espazos de liberdade para se comunicar entre si e co mundo a través da súa gran paixón: o *graffiti*. A pesar da súa inquebrantábel complicidade cada un dos mozos parte dunha realidade familiar moi diferente. Ras é un rapaz afrodescendente que vive coa súa nai nunha vivenda moi humilde do distrito de Aguablanca, unha área da cidade habitada principalmente por poboación orixinaria das vilas pesqueiras do Pacífico que tivo que emigrar na procura de mellores condicións de vida. A nai de Ras participa acotío nas distintas organizacións comunitarias que artellan a vida do barrio e lembran colectivamente as súas raíces. Especialmente emotiva resulta a súa reunión cun grupo de mulleres que, a través do canto, lembran os traballos da pesca e o trauma do éxodo.

Pola súa banda, Calvin pertence a unha familia branca de clase media, cursa estudos superiores e vive nunha confortábel vivenda. Na súa vida cotiá destaca a complicidade que mantén coa súa avoa, La Ñaña, unha muller de avanzada idade que está a recibir un tratamento de quimioterapia por mor dun cancro, coa que establece unha relación marcada polo mutuo respecto.

Namentres a Ñaña lle ofrece a Calvin sabios consellos para comprender mellor o mundo e as súas relacións, o rapaz acompañaa en todo momento e ofrécelle comprensión e coidados.

Na primeira parte de *Los hongos* vemos a Calvin e Ras practicaren pola súa conta o *graffiti* mais, cara á metade do filme, implicanse nun proxecto colectivo denominado «Revolución submarina» no que lles darán cor e contido aos baixos dunha ponte de formigón até entón comida polo po e a sucidade. Esta intervención sobre o espazo urbano busca, por unha banda, liberar as ansias creativas dos adolescentes, mais acada tamén fondas implicacións políticas que comparten lemas e principios con distintos movementos sociais contemporáneos. Nese sentido resulta especialmente elocuente a mensaxe achegada polos mozos ao mural, recollida dun vídeo de youtube gravado durante as manifestacións de Egipto de 2011: «Nunca gardaremos silencio».

Os nosos heroes mestúranse coa cidade sen temor e aprópianse das rúas, un —Calvin— coa súa bicicleta, o outro —Ras— cun monopatín, asisten a concertos de *Hip-Hop*, interveñen nunha radio comunitaria ou iníciase na sexualidade, mais sempre desde un denominador común: o respecto



cara ao outro, independentemente do seu sexo, raza, idade ou condición social. Esta actitude vital, por veces desafiante co poder institucional, comporta os seus riscos. Cara ao remate do filme uns gardas aprésanos indiscriminadamente por estaren a pintar nun muro e sóltanos moi lonxe da cidade, nun espazo natural alleo ao día a día dos protagonistas. Neste novo contexto, dominado pola carriza e a auga, os mozos fundiranse de novo co medio,

movidos por unha insubornábel ansia por vivir. Tal e como expresa o director do filme, Óscar Ruiz Navia, Calvin e Ras son os *hongos*, eses seres vivos que agroman en contextos de podremia e descomposición.

A cara B de Colombia

A pesar da súa xuventude, Óscar Ruiz Navia (Cali, 1982) conta cunha importante filmografía composta por unha curta e tres longametraxes, nas que exporta unha imaxe de Colombia arredada dos tópicos representativos do país. Fronte á exaltación da violencia derivada do narcotráfico que adoita asolar a carteleira colombiana, Ruiz Navia ofrece un cinema reflexivo que parte da observación analítica da contorna social como premisa inescusábel para armar o relato dos seus filmes.

A cinefilia chégalle a Ruiz Navia de moi novo ao criarse nunha familia na que o visionado de filmes clásicos era algo habitual. Logo de estudar na Escola de Cinema da Universidade de Colombia implicase na programación do cineclub «Cine de Autor» de Cali, onde entra en contacto con obras clave da historia do cinema como *Os 400 golpes*, de François Truffaut que, co tempo, pasaría a converterse nunha influencia fundamental. Con tan só 24 anos, Ruiz Navia decide dedicarse profesionalmente ao cinema, funda a compañía Contravía Films e inicia unha febril actividade como produtor e director que acada grande importancia na renovación cinematográfica que se vive nos últimos tempos en Colombia.

En 2009, Navia asina a súa primeira longametraxe, *El vuelco del cangrejo*, na que xa se poden detectar algunhas das marcas autorais que han definir o estilo do cineasta. Gravada nunha vila do Pacífico na que a construción dun complexo hostaleiro ameaza con destruír os modos de vida tradicionais, o cineasta ofrece unha radiografía das relacións de poder que vertebran a vida do pobo. Ao igual que acontece en *Los hongos*, a narración constrúese a base de tramas sinxelas nas que non importa tanto a resolución das accións como as transformacións internas dos personaxes. A opera prima de Ruiz Navia acadou unha moi boa acollida en festivais internacionais de primeiro nivel: estrea no Festival Internacional de Cinema de Toronto, mención especial no Festival Internacional de Cinema Independente de Buenos Aires (BAFICI) e Premio FIPRESCI na Berlinale.

Catro anos máis tarde chega a súa segunda peza, *Solecito*, unha deliciosa curtametraxe na que Navia explora até o límite as posibilidades da actuación non profesional. Neste filme o cineasta realiza un exhaustivo *casting* por centros escolares de todo Cali até que a historia de amor e ruptura dunha parella adolescente se apodera do filme. Os rapaces, de natural fotoxenia, poñen en escena a súa propia historia e esnaquizan

a barreira coa que se adoita separar ficción e documental. *Solecito* foi seleccionada na Quinzaine des Réalisateurs do Festival de Cannes ao tempo que acadou importantes galardóns en certames como Oberhausen, Biarritz ou São Paulo.

E chegamos así a *Los hongos* na que, como analizaremos de vagar ao longo desta unidade, cristalizan boa parte das inquedanzas formais e ideolóxicas que viñan definindo a obra do autor nos

seus inicios. *Los hongos* foi ademais a plataforma que deu a coñecer a Óscar Ruiz Navia internacionalmente e acumulou premios en Locarno, Rotterdam, Sevilla, Tarragona ou a súa Cali natal. Agora o futuro pertencelle a Óscar Ruiz Navia; en 2016, presentou *Epifanía*, coprodución realizada a catro mans coa cineasta sueca Anna Eborn, na que ambos os autores exploran as relacións materno-filiais a partir das súa propia experiencia.



Obxectivos, competencias e contidos



Fortalecemento do vínculo do alumnado coas persoas de idade avanzada por medio dunha posta en valor das relacións interxeracionais.



Fomento do gusto pola investigación e o coñecemento a través dun uso responsábel das novas tecnoloxías da información e da comunicación.



Aproximación a novas realidades sociais que inventiven o interese e o respecto pola diversidade cultural.



Ampliación da competencia dixital e tecnolóxica do alumnado.



Enriquecemento das competencias cívicas e sociais.



Consulta de fontes de información e documentación alternativas no estudo dos acontecementos históricos.



Iniciación teórica e práctica a nocións básicas da linguaxe cinematográfica .

Metodoloxía

Para desenvolver os contidos antes comentados ofrecemos unha serie de actividades nos que se combinan diferentes metodoloxías de traballo, desde o **debate colectivo** á **busca individual** de contidos a través das novas tecnoloxías ou a propia praxe audiovisual.

Partindo da certeza de que os protagonistas do filme poden xerar unha importante **identificación** no alumnado, pola idade que comparten mais tamén polo seu magnetismo e ansias de vida, ofrecemos ferramentas para que os rapaces e rapazas participantes poidan mergullar na rica cultura urbana caleña.

O *graffiti*, o *Hip-Hop*, o *reggae* ou diferentes referentes que pasaron á Historia pola súa loita a prol da xustiza social, serán os protagonistas dunha serie de actividades que nos remiten a unha **realidade social** en aparencia diferente, pero que pode atopar nas cidades e vilas galegas un fértil espello no que mirarse.



A CIDADE COMO LENZO



O principal motor que move as accións de Calvin e Ras ao longo do filme é a súa pulsión creativa a través do *graffiti*. Esta modalidade de pintura libre destaca polo uso do espazo urbano como soporte e lugar de creación e sitúase como un dos catro elementos centrais da cultura *Hip-Hop*, canda o rap (cuxos vocalistas se coñecen como MC —mestres de cerimonia—), o DJ e o *breaking* (estilo de baile tamén coñecido como *breakdance*, cuxos bailaríns se denominan segundo o caso Bboy ou Bgirl). Mais se a orixe do *Hip-Hop* como expresión artística e cultural se sitúa na segunda metade do século XX nos barrios máis empobrecidos de Nova York, as raíces do *graffiti* atopámolas moito máis lonxe no tempo.

Numerosos historiadores teñen sinalado o costume que existía xa na Roma antiga de escribir sobre as paredes para expresar ideas políticas ou facer declaracións de amor. Tamén está documentado o costume de piratas e mariñeiros de imprimiren a súa sinatura nas paredes das vilas costeiras para deixaren constancia do seu paso polo lugar. Mais se falamos do *graffiti* como expresión moderna de arte urbana temos que viaxar até a cidade de Nova York a comezos dos anos 70 do século XX. Un dos pioneiros máis importantes do movemento deuse a coñecer nas rúas da cidade como Taki 183. Taki era o

diminutivo de Demetaki, á súa vez derivado de Demetrius, nome dun mozo grego, fillo de inmigrantes, que vivía na rúa 183 de Washington Heights, en Manhattan. Coa súa sinatura en paredes de toda a cidade, Demetrius deixaba constancia da súa individualidade ao tempo que representaba unha comunidade, a grega, que adoitaba carecer dunha presenza significativa no corpo social.

Outro dos nomes esenciais para entendermos a evolución do *graffiti* dáse a coñecer como Top Cat. Este mozo será o primeiro en abandonar a caligrafía ortodoxa dos escritores pioneiros na procura dun estilo propio, composto por letras máis finas e alongadas que, se ben resultaban máis difíciles de ler, conseguían distinguirse das demais cun estilo acuñado por el propio como Broadway Elegant. A década dos noventa marca unha evolución radical no mundo do *graffiti*, que pasa a denominarse *street art* e incorpora técnicas pictóricas de maior complexidade como o 3D. Neste contexto agroman grandes artistas recoñecidos internacionalmente. Un dos casos máis celebrados é o de Banksy, prolífico artista natural de Bristol, Inglaterra, cuxas obras, de gran calidade técnica e fonda ironía



política, se sitúan entre as máis influentes da arte contemporánea.

Ante o auge do *graffiti* en todo o mundo, hai xa varias décadas que os distintos representantes do poder institucional comezaron a alertarse pola capacidade subversiva deste medio de expresión. Agromaron así as primeiras leis que buscan poñerlle límite a esta práctica artística, valando o acceso a trens e metros —habitual motivo dos graffiteiros—, ou coa promulgación de leis contra a venda de pinturas e sprays. Mais estes intentos de represión non

fixeron máis que ampliar a capacidade reivindicativa do *graffiti*, adoito empregado como altofalante de diferentes colectivos na busca dunha presenza social que se lles ten negado.

A CIDADE COMO LENZO



ACTIVIDADE



Logo de facer un repaso ante o alumnado da evolución histórica do *graffiti* e a cultura *Hip-Hop*, analizaremos co conxunto da clase as imaxes 1 e 2. Na primeira vemos a Ras asinando co seu nome nunha parede; na segunda capturamos un instante da *Revolución submarina*.

Q Na imaxe 1, que cres que busca expresar Ras ao asinar co seu nome na parede?

Q Que elementos artísticos e compositivos se engaden no *graffiti* da imaxe 2 con respecto ao primeiro?

Q Podes sinalar en *Los hongos* algún outro elemento presente na cultura *Hip-Hop* —*rap*, *breakdance*, *dj*—?

Q Compara a imaxe 2 coa aparencia da cidade naqueles espazos nus e sen uso como o que podemos ver na imaxe 3. Como cualificarías o impacto do *graffiti* sobre o espazo urbano nestes casos?

Q Busca no teu barrio algún exemplo de *graffiti* ou intervención creativa sobre o espazo urbano que che pareza especialmente significativo. Sácalle unha foto cun móbil ou unha cámara dixital, imprímea e describe os principais elementos que o compoñen — texto, cor, debuxo, etc.—, e tenta definir o significado que ten para ti e cales consideras que son as intencións do seu autor ou autora.



OS CONDENADOS DA TERRA



Un dos personaxes secundarios máis relevantes de *Los Hongos* é o locutor de Radio Sudaca, unha emisora clandestina e itinerante que funciona como cronista das expresións de arte urbana que se desenvolven no filme. Este home encárgase, en todo momento, de lembrar a unión e solidariedade dos movementos sociais de Cali con outras revolucións cidadás que están a ter lugar en diferentes partes do planeta. O locutor lembra ademais a herdanza deixada por diversos personaxes históricos que teñen destacado pola súa loita a prol dos dereitos civís ou a liberación dos pobos indíxenas. Unha das oposicións máis repetidas ao longo do filme é a de Zion contra Babilonia, dous conceptos que proceden da cultura rastafari. Babilonia representa a sociedade de consumo capitalista, entendida como un fenómeno alienante que mantén os pobos subalternos na inacción fronte á inxustiza, namentres que Zion simboliza a utopía, un val sagrado situado en África cara a onde parten os rastafaris cando morren.



OS CONDENADOS DA TERRA





Transcribimos a continuación dúas intervencións do locutor que se poden escoitar ao longo do filme. Dividiremos o alumnado en grupos e solicitáremoslle a cada un deles que procure información a través de internet arredor de cada un dos personaxes ou movementos de loita subliñados en letra grosa, para afondar nas circunstancias sociohistóricas nas que desenvolveron a súa actividade. Posteriormente os membros de cada grupo terán que condensar a información recollida e expoñela ante o resto da clase.

INTERVENCIÓN 1:

«Eu considérome un soldado de **Zion** e estamos pelexando contra **Babilonia**. Somos culturas de rúa e están a pasar cousas moi importantes na resistencia en América Latina, na **Revolución de Exipto**, en **Chiapas (selva Lacandona)** e Cali non pode ser a excepción».

INTERVENCIÓN 2:

«Un saúdo a todos os ancestros: **Bob Marley, Peter Tosh, Nelson Mandela, Martin Luther King, Malcolm X, Benkos Biohó**»



Con esta actividade procuramos, por unha parte, potenciar a capacidade do alumnado para a utilización das redes sociais e as novas tecnoloxías na busca de información, ao tempo que pode ampliar os seus coñecementos arredor de personaxes e movementos clave da historia da humanidade que, en moitos casos, non teñen o espazo que merecen nos libros de texto. Así mesmo, o alumnado porá en práctica a súa capacidade para contrastar e condensar información procedente de fontes diversas e potenciará a súa habilidade para a expresión en público.



Dentro das relacións humanas representadas en *Los hongos* atopamos unha asociación que, por insólita, queda imprimida na nosa mente unha vez rematado o filme. Referímonos á complicidade que, ao longo de toda a fita, manteñen Calvin e a súa avoa, a Ñaña, unha muller octoxenaria que sofre a convalecencia dun tratamento de quimioterapia por mor dun cancro. A proximidade afectiva destes dous personaxes acada cotas admirábeis e funciona como modelo dun necesario respecto entre xeracións desde o principio da reciprocidade, que facilita que ambos acaden unha existencia máis rica e satisfactoria.

No caso do rapaz destacamos os coidados físicos que ofrece sen pedir nada a cambio —as continuas fretas na cabeza da muller que lle proe por mor da quimioterapia ou a axuda para se acicalar pintándolle os beizos—, o auxilio no emprego das novas tecnoloxías como medio para mellorar as comunicacións interpersoais —a conversa de Skype cuns familiares que viven fóra da cidade—, ou o intercambio relaxado de opinións, de igual a igual, tras veren xuntos un filme. No caso da anciá lembramos os consellos que, coa sabedoría que outorga a experiencia, lle achega a Calvin en



cuestións sentimentais —a relación coa súa moza— ou condutuais, que non descartan a reprimenda cando é necesario, con frases plenas de ironía como: «Só che digo unha cousa, ao que madruga Deus lle axuda, e así quedaríache máis tempo para vagabundear».

Cómpre sinalar que a Ñaña, na vida real, é a avoa do propio director do filme, Óscar Ruiz

Navia, o que explica en boa medida a proximidade que, como espectadores, sentimos cara a todas as escenas que protagoniza esta muller.

ACTIVIDADES

En primeiro lugar pedirémoslle ao alumnado que sinala e describa aquelas escenas do filme que para el representen un modelo de relación entre persoas pertencentes a xeracións diferentes.

A continuación encargáremoslle que elabore unha redacción por escrito na que describa unha relación que considere importante na súa vida con algunha persoa pertencente á coñecida como terceira idade e que faga especial énfase naqueles elementos beneficiosos que se ofrecen mutuamente.

📍 Con esta actividade búscase que o alumnado poña en valor a relación con persoas de idade avanzada da súa contorna, sobre a base do afecto e o respecto mutuo.

O TRAVELLING, UNHA CUESTIÓN DE MORAL



Para familiarizar o alumnado con nocións básicas da linguaxe cinematográfica, centrarémonos nun movemento de cámara que, sen empregarse de xeito continuo ao longo de *Los hongos*, si que ten un uso significativo. Referímonos ao *travelling*, un recurso fundamental da gramática do cinema que consiste no desprazamento da cámara sobre vías, guindastres ou calquera outro sistema que permita un movemento constante e compasado. O uso do *travelling* está tan estendido nas producións cinematográficas contemporáneas que en moitas ocasións o espectador non se interroga polas súas funcións narrativas e expresivas, mais na súa orixe supuxo toda unha revolución no desenvolvemento da linguaxe cinematográfica.

Como acontece con moitas descubertas da historia da humanidade, a invención do *travelling* chegou por azar. En 1896 o camarógrafo Alexandre Promio, pertencente á compañía dos Irmáns Lumière, atopábase en Venecia gravando as canles da cidade cando montou nunha góndola e, accidentalmente, accionou a súa cámara. Ao revelar as imaxes, Promio observou marabillado como, axudado polo movemento da embarcación a través da canle, era quen de crear un movemento que lle permitía ao espectador trasladarse

espacialmente sen mudar de plano. Co paso do tempo o uso do *travelling* foise perfeccionando até converterse nun dos recursos máis espectaculares do cinema contemporáneo, o que levou a múltiples controversias arredor do seu emprego. Resulta especialmente célebre a frase do cineasta suízo Jean-Luc Godard «o *travelling* é unha cuestión de moral». Con ela o director de *À bout de souffle* tentaba advertir da responsabilidade do cineasta á hora de empregar un movemento de cámara de tal poder visual, que pode reducir o espectador á posición dun receptor pasivo sen capacidade de pensamento crítico.

O *travelling* conta cun gran número de variantes, que vai desde o achegamento ou afastamento a un personaxe até o movemento en 360 graos que permite unha ollada circular arredor dun determinado motivo. Porén, neste caso centrarémonos no *travelling* horizontal, o máis empregado en *Los hongos*, que ten diferentes funcións segundo o caso. No exemplo 1 a cámara segue a Ras no seu monopatín ao longo dunha rúa de Cali. Neste caso o *travelling* ten unha lóxica puramente narrativa, ao adaptarse ao desprazamento do personaxe.

No exemplo 2 atopamos unha das escenas máis relevantes do filme, tanto en termos de contido como de composición visual da imaxe. Nela a cámara realiza un percorrido horizontal por ese gran mural colectivo denominado *Revolución submarina*. Neste caso o *travelling* non obedece a unha necesidade narrativa, pois non segue o movemento de ningún personaxe, senón que parte da intención creativa do cineasta. Con este plano, de máis dun minuto de duración, Ruiz Navia consegue poñer en relación os distintos debuxos que compoñen o *graffiti*, aproximándose á noción do mural como obra colectiva, froito da cooperación e o intercambio de ideas por parte dos seus autores.




O TRAVELLING, UNHA CUESTIÓN DE MORAL

Exemplo 1



O TRAVELLING, UNHA CUESTIÓN DE MORAL

Exemplo 2



O TRAVELLING, UNHA CUESTIÓN DE MORAL



ACTIVIDADE

Unha vez explicada a definición básica do *travelling* e os seus posibles usos, solicitarémolle ao alumnado que describa dous ou tres exemplos deste movemento de cámara ao longo do filme.

A continuación analizaranse na aula os dous exemplos que acabamos de relatar, que poden ser reproducidos de novo para refrescar a memoria dos rapaces e rapazas. As cuestións serían:

Q Que diferenzas atopas entre os dous exemplos de *travelling*?

Q No segundo caso, o do mural, por que cres que o autor decidiu filmar a escena nun só plano, por medio do *travelling*, no canto de gravar diferentes planos fixos de cada pintura por separado?

Q Por último proporémolle ao alumnado un exercicio práctico. A partir do espírito pioneiro de Alexandre Promio deberá traballar en grupos para poñer en práctica un *travelling* cuxo movemento estea facilitado por algún medio de transporte ou locomoción. A continuación, valéndose dun móbil ou unha cámara que permita a gravación de vídeo, deberá filmar o *travelling* garantindo sempre a seguridade do mozo ou moza que manexa a cámara (evitando planos gravados desde unha bicicleta ou monopatín). As pezas proxectaranse logo na aula, reparando en grupo nas posibilidades que este movemento achegou para a captación do movemento ou a contemplación dun determinado espazo.

MUNDO-GRAFFITI

1. Algunhas das obras máis célebres de Banksy | 2. Taki 183 | 3. Pinturas rupestres das covas de Altamira. | 4. Exemplo do estilo Broadway Elegant | 5. Graffitis do barrio de Campolongo (Pontevedra) | 6. Gato impreso coa técnica de estarcido (Santiago de Compostela) | 7. Graffitis dos anos 80.



ESCOLMA DE ARTIGOS E ENTREVISTAS



«En aparencia estamos ante o **enésimo retrato dunha certa xuventude nas marxes** que constrúe os seus propios espazos de disidencia e que ben podería compartir un vídeo de youtube ou unha táboa de *skate* cos mozos de Larry Clark ou Gus Van Sant. Porén, hai en *Los hongos* unha vontade integradora, un desexo de traspasar o universo pechado dos protagonistas e levantar a vista a outras realidades e ritos; cara a outros individuos que habitan unha Cali en constante efervescencia.»

CARLES MATAMOROS,
Caimán Cuadernos de Cine



«Non me gusta darlles o guión aos actores porque hai algunhas cousas que teñen que **floreecer e facernos sentir a vida**. O que pretendo é lograr momentos de realidade en instantes de ficción. Fago cinema de autor, moi persoal, e dalgún xeito inspírase nas tradicións cinematográficas imperfectas. Non me interesa dar respostas, senón máis ben facer preguntas.»

Declaracións de ÓSCAR RUIZ NAVIA
recollidas por NOELIA NÚÑEZ, *El País*



«Pretendo mostrar que a **sociedade colombiana non se conforma**. En xeral, Latinoamérica é así. O meu país é complexo, pero no medio de todo o malo agroma a creación. Isto é o positivo. O movemento de arte urbana foi medrando moito en Colombia. O *graffiti* evolucionou moito, é unha forma de diálogo.»

Entrevista a ÓSCAR RUIZ NAVIA
por BEATRIZ BERMÚDEZ, *El Mundo*



«Os actores non profesionais **gústame porque son auténticos e, ao mesmo tempo, imperfectos**.

Isto crea un certo efecto de verdade que me interesa ver e escoitar na pantalla. Ademais gústame mudar os guións en función dos actores que escollo, interésome polas súas propias historias e anécdotas e nese sentido mesturo as miñas ideas coas deles. No caso de *Los hongos* desexaba traballar con adolescentes e por iso tomei a decisión de ir a colexios e institucións educativas. Encantoume todo o que aprendín entrevistando tantos rapaces, foron preto de 700 entrevistas.

Entrevista a ÓSCAR RUIZ NAVIA
por PABLO ARAHUETE, *CineFreaks*

LOS HONGOS

[Óscar Ruíz Navia, 2014]

NUMAX NA ESCOLA #02

escola@numax.org

FICHA TÉCNICA

Los hongos (2014, 103')

Dirección: Óscar Ruíz Navia

Guión: Óscar Ruíz Navia

Repartimento: Jovan Alexis Marquinez Angulpo (Ras) / Calvin Buenaventura Tascón (Calvin) / Gustavo Ruíz Montoya (Gustavo) / Atala Estrada (La Ñaña) / María Elvira Solís (María) / Dominique Tonnelier (Dominique) / Ángela García (Angelito)

Montaxe: Felipe Guerrero

Dirección de arte: Daniela Shneider, Alejandro Franco

Son: Leandro De Lored, César Salazar, Frédéric Thery

Música: La Llegada Del Dios Rata, Zalama Crew, Sebastián Escofet

Fotografía: Sofia Oggioni Hatty

Montaxe: Felipe Guerrero

Produtora: Contravía (Colombia), Arizona Productions (France), Campo Cine (Argentina), Unafilm (Germany)

Distribución en España: NUMAX Distribución

FILMOGRAFÍA DO CINEASTA

El vuelco del cangrejo (2009)

Solecito (2013, curtametraxe)

Los hongos (2014)

Epifanía (2016)

Fait vivir (2020)

MATERIAIS

- 📌 «La sociedad colombiana no se conforma»:
<http://www.elmundo.es/cultura/2015/09/03/55db3da8ca47417e4c8b4583.html>
- «Los actores no profesionales son auténticos e imperfectos»: <http://cinefreaks.net/2015/10/19/entrevista-a-oscar-ruiz-navia-los-actores-no-profesionales-son-autenticos-e-imperfectos/>
- «El grafiti como resistencia»:
http://cultura.elpais.com/cultura/2015/09/03/actualidad/1441306085_797366.html
- 📖 Claudia Walde, *Alfabeto graffiti*, Gustavo Gili, 2011
- Nicholas Ganz, *Graffiti: arte urbano de los cinco continentes*, Gustavo Gili, 2004
- Anónimo, *Kebra Nagast*, Corona Borealis, 2010
- 🖼️ *Exit Through the Gift Shop* (Banksy, 2010)
- Beat Street* (Stan Lathan, 1984)
- Gatos encaramados* (Chris Marker, 2004)

Esta unidade didáctica foi realizada pola cooperativa NUMAX ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

CONCEPCIÓN E REDACCIÓN
Xan Gómez Viñas (NUMAX na Escola)

REVISIÓN LINGÜÍSTICA
Ana Salgado

DESEÑO GRÁFICO
Laboratorio NUMAX

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
TFNO.: 981 560 250 | www.numax.org